

## Concello de Viveiro

---

**EXPTE.- 1526/2018**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 115, de 22 de maio de 2018, publícase a convocatoria aprobada pola Alcaldía deste Concello, polas que se inicia o proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos Centros educativos, Centros sociais e instalacións deportivas do Concello de Viveiro, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal.

Vistas as bases e anexos polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan nos Centros educativos, Centros sociais e instalacións deportivas do Concello de Viveiro.

Vistas a base 7.3, que sinala *“(...)Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Ao mesmo tempo procederase por Resolución de Alcaldía á designación dos membros do Tribunal e suplentes, que tamén será publicada nos mesmos medios, para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular no seu caso recusación...”*

Vista a base 8.1, que sinala *“(...)Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.*

*A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...”*

Vista a base 8.2, que sinala *“(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros...”*

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal de selección que a continuación se sinalan podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

### PRESIDENTE:

Titular: Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos na Deputación de Lugo.

Suplente: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo no Servizo de Recursos Humanos.

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

### **VOGAIS:**

**Titular:** Don Rafael Angulo García, Porteiro na Unidade de Portería e Vixilancia da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Ana Pereira Marzán, Auxiliar na Unidade de Selección Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**Titular:** Don José Rodríguez Pérez, Adxunto Encargado Portería e Vixilancia da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Don Juan Carlos González Méndez, Auxiliar de Recepción na Unidade de Portería e Vixilancia da Deputación Provincial de Lugo.

**Titular:** Don Julian Mayor Couceiro, Encargado Conservación Centros na Unidade de Mantemento da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Don Manuel Humberto Paz Rodríguez, Adxunto Encargado Unidade Mantemento na Deputación Provincial de Lugo.

### **SECRETARIO:**

**Titular:** Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario Interventor, Xefe Servizo Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos no Servizo de Cooperación e Asistencia aos concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Aurelia Balseiro Garcia, Directora do Museo Provincial de Lugo.

**Asesora (proba galego):** Dona Montserrat González Alvarez, Licenciada en Filoloxía Galega no Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

Os funcionarios actuarán a título individual e non en representación da Deputación.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparecerán na Deputación Provincial de Lugo o Luns **02 de xullo de 2018, as 14:00 horas**, para a súa constitución.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,  
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147